

## INICIO CURSO 2007/2008

### A LOE entra en vigor

Unha das novidades máis importantes neste comezo de curso é a entrada en vigor da Lei Orgánica de Educación. Esta lei irase aplicando progresivamente durante un período de 5 anos.

Neste curso entra en vigor:

- 1º e 2º de Educación Primaria
- 1º e 3º de Educación Secundaria
- Ensinanzas elementais de música e danza
- 4 primeiros cursos das ensinanzas artísticas profesionais de música e danza.
- Nivel básico e Intermedio das Ensinanzas de Idiomas
- Comezo da implantación dos estudos de FP que deberá completarse antes do 2011
- Criterios de avaliación e promoción en ESO
- Requisitos para a obtención do título de Graduado en ESO
- Probas de acceso á FP

### Os deberes sen facer

En Galiza, no currículo da ESO atopámonos con algunhas innovacións a respecto dos mínimos marcados polo RD estatal, a saber, a incorporación de dúas novas materias: **Proxecto interdisciplinar** en 1º da ESO e **Taller de iniciativas emprendedoras** como optativa en 3º ou 4º.

De quen foi a iniciativa?, non sabemos. É positiva esta novidade?, xa veremos. Entón, cal é o problema? Que inventamos unhas materias, poñémoslles nome, estipulamos que profesorado as pode impartir... pero curiosamente non se marcan os obxectivos,

nin contidos nin criterios de avaliación. Tan só no referido ao proxecto interdisciplinar, despois dunhas breves pinceladas do que pretende ser, se nos di que "A Administración educativa poderá, en todo caso, propoñer algúns proxectos, a modo de exemplo, se fose considerado oportuno."

Alguén pode pensar que por publicar un DOG o 13 de xullo, xa rematou o seu traballo? Ou espérase que o profesorado afectado adiviñe o que ten en mente a Consellería de Educación para levar a bo porto estas materias?

### O STEG recorre a orde sobre o profesorado de relixión

Galiza é o primeiro territorio do estado que permite ao profesorado de relixión realizar funcións que non lle son propias .

### Nova Lei da función pública galega

O 16 de setembro entrou en vigor a nova Lei 13/2007 da Función Pública de Galicia que introduce importantes novidades, especialmente no que se refire aos permisos do profesorado.

### Adxudicación de destinos provisionais

A historia de nunca acabar

Prazas que non aparecen na adxudicación definitiva, vacantes mal perfiladas, erros na adxudicación...

### Oposicións: máis do mesmo

A ausencia de unha convocatoria clara e a disparidade de criterio entre os tribunais, a punto de provocar o caos.

### Aclaracións sobre o complemento de acción tutorial

Aclaracións a este complemento que empezaremos a cobrar en xaneiro.



### Novos catálogos e xornada laboral en Infantil e Primaria

#### Catálogos

A mellora nos catálogos recolle, en gran medida, as demandas do STEG, agás na atención á diversidade e nas prazas de EI.

Esta etapa, en contra do que di a LOE, vai ser cuberta por especialistas de primaria o que consideramos un tremendo erro desde o punto de vista da calidade do ensino.

#### Xornada laboral

A redución da carga lectiva de 25 a 21 h para o corpo de mestres supón un gran avance, aínda que non se acade a nosa reivindicación histórica de equiparación das condicións laborais entre o profesorado de primaria e o de secundaria. Porén, a confusión creada nos centros pola tardanza nas instrucións da Consellería e a actuación da inspección neste principio de curso ... é outro cantar.

# O STEG recorre a orde sobre o profesorado de relixión

O RD 696/2007 de 1 de xuño estabilizou en todo o estado español ao profesorado de relixión, convertendo os seus contratos temporais (de persoal laboral, non docente) en indefinidos. Este RD obrigaba a Galiza e ao resto dos territorios do estado a desenvolver unha orde que levasse a cabo este proceso. Con esta orde, ao redor de 1000 profesoras e profesores de relixión que son propostos pola xerarquía eclesiástica pasaban a indefinidos ata a súa xubilación.

O xoves 5 de xullo na mesa sectorial de educación de Galiza debateuse o borrador desta orde. Ademais de garantir a estabilidade a este profesorado tal e como manda o RD (aspecto valorado positivamente polas outras centrais sindicais e no que non entra o STEG ao non poder modificalo en Galiza), incluíanse dous artigos, (entre outros), que, segundo a nosa opinión (despois de consultalo xuridicamente) exceden o ámbito do que pode exercer nun centro este profesorado.

Expliquémonos:

1. o artigo 4 permitía que foran nomeados cargos directivos.
2. o artigo 5 permite que realicen funcións que son propias do funcionariado docente tales como: tutorías, dinamización da convivencia escolar, dinamización da biblioteca...
3. ademais, tamén poderían realizar gardas.

A LOE recolle que este persoal laboral (así son os seus contratos, polo tanto non docentes) só pode impartir a materia de relixión pois a habilitación dada pola xerarquía eclesiástica é exclusivamente para esta función, a diferenza do profesorado docente. O profesorado docente pasou un proceso selectivo público e en igualdade de condicións que o habilita para as tarefas docentes que realiza (tutorías, gardas, dinamizacións...), mentres que a selección do profesorado de relixión non é pública e ademais é subxectiva en función da coincidencia ideolóxica coa

doutrina oficial da confesión da que se trate.

Desde o STEG denunciámos que funcións tan importantes como esas, sinaladamente a tutoría, non poden deixarse a persoas que teñen a misión de instruír nos contidos dunha confesión relixiosa concreta. Ademais, cando estas confesións se caracterizan pola súas expresións públicas sexistas e homófobas que vulneran a lexislación vixente e o espírito da Constitución española. Chama a atención que estas medidas se propoñan precisamente nunha administración gobernada polo PSOE, xa que contradí claramente á LOE e vai en contra de todos os contidos da Educación para a cidadanía aparecida con esta Lei.

Con esta ORDE, a partires de agora, na Galiza pode darse o paradoxo de que haxa alumnado que non curse relixión e que teña realizando a función da tutoría ao profesorado de relixión. Imaxinémonos as charlas de tutoría que pode ter coas nosas fillas e fillos unha profesora ou profesor de relixión cristiá, musulmá, evanxélica ou calquera outra...

Desde o STEG demandamos da Consellaría de Educación que retire o artigo 5, tal e como xa fixemos na mesa sectorial na que se presentou, xa que contradí o que un goberno progresista, co apoio das centrais sindicais, debería facer.

Estamos a realizar unha campaña tanto a nivel nacional como estatal (comezamos xa no mes de xullo enviando carta a todas as federacións territoriais do PSOE) denunciando esta concesión do PSDG-PSOE aos sectores máis conservadores da sociedade.

Animaremos a todas as nais e pais a denunciar as situacións nas que teñan ao profesorado de relixión, de titores, facendo actividades docentes ou simplemente gardando aos seus fillos ou fillas que non cursan relixión.

Galiza é o primeiro territorio do estado que permite ao profesorado de relixión realizar funcións que por lei non lles corresponden.

A Consellaría aceptou a petición do STEG de eliminar o artigo 4 que permitía que ocupasen cargos directivos.

Consideramos insuficiente esta modificación da orde ao manter a posibilidade de que realicen funcións docentes

O STEG fará unha campaña para animar a nais e pais a denunciar todos aqueles casos nos que o profesorado de relixión ocupe calquera función que lle corresponda ao funcionariado docente.

O STEG ten recurrida esta orde perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

## Adxudicación de destinos provisionais

### A historia de nunca acabar

O día 1 de setembro o profesorado provisional de Educación Infantil e Primaria ten que estar incorporándose nos centros de destino. Un destino que coñeceran o día anterior, 31 de agosto, que pode atoparse a máis de 200 Km do seu lugar habitual de residencia e que en moitos casos nin sequera é o que lle correspondía.

Isto que pode parecer unha situación excepcional que indignaría a calquera colectivo de traballadoras e traballadores estase a converter na práctica habitual da actual Consellaría. Comezamos co retraso inxustificable na selección de profesorado para as distintas comisións de servizo, realizándose algunhas comisións no mes de agosto, coas dificultades consabidas para facer as reclamacións oportunas e falar coas persoas responsábeis, que se atopan no seu mes de vacacións. Os erros que se cometen nestas adxudicacións son dificilmente subsanábeis a un día do comezo do curso, e as consecuencias son varias,

por unha parte o desconcerto e indignación do profesorado afectado e por outra a xestión do gasto público, que se ve danada cando a solución que se atopa é colocar a ese profesorado en prazas que non existían para non ter que modificar a adxudicación completa.

No caso da Educación Secundaria o problema non é menor. A xenial idea de ter convocatoria de setembro na ESO para acalar os rumores de que o esforzo estaba denostado no noso sistema educativo, ten como consecuencia que ata rematado o período de matriculación os centros non saben exactamente o profesorado que van precisar. Isto pode ser un par de días antes do comezo das aulas. Pero non hai problema, cos avances tecnolóxicos todo se soluciona, os centros poden solicitar a través da web o profesorado que necesitan e en tempo real a vacante pódese consultar a través de internet. Pero isto faise sen ningún control por parte da Inspección, o que conleva que en moitos

casos os perfís do profesorado solicitado non coincida co que realmente se precisa, que o sistema informático falle e non permita determinadas opcións, etc. Resulta alarmante, por citar algunhas, os reiterados casos que na FP se suceden todos os anos entre os perfís de PT e de PS, a adxudicación de vacantes de Orientación a persoal sen a titulación adecuada así como nas adxudicacións do profesorado nos conservatorios de música

Total, que volvemos a atoparnos a un día do comezo do curso, e neste caso ademais da chegada do alumnado ao centro, cunha adxudicación deficiente por todo o dito anteriormente e con 400 substitucións sen cubrir.

As consecuencias: grandes colas de damnificados na Consellaría, aulas sen profesorado ou sen o profesorado axeitado, e solucións forzadas que pagamos todas e todos.

## Aclaracións sobre o complemento de acción tutorial

O 27 de xullo de 2006, ratificouse o preacordo alcanzado entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e todas as organizacións sindicais, sobre as retribucións do profesorado. Neste acordo establécese:

O complemento de acción tutorial e outras funcións cun importe de 45€ mensuais que comezaremos a cobrar en xaneiro de 2008 (15€) e o resto en xaneiro de 2009 (30€)

Quen ten dereito a percibir este complemento?

- Todo o profesorado que estea nomeado tutora ou titor dun grupo de alumnado.
- Na etapa de Educación Infantil e Primaria todo docente que, non sendo titor, teña 21 horas lectivas (incluídas as gardas)

- En Educación Secundaria todo docente que, non sendo titor, teña 18 sesións lectivas.

Considéranse horas lectivas as horas de reducións establecidas para o desempeño dos órganos unipersonais de goberno, xefatura de departamento, coordinación de ciclo, coordinación do equipo de normalización....

SEN CUMPLIR AS 21 LECTIVAS tamén ten dereito a percibir o complemento o profesorado que realice tarefas de:

- a) Reforzamento educativo.
- b) Atención á diversidade.
- c) Desdobramentos en áreas de lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira, matemáticas, química, bioloxía ou tecnoloxía.
- d) Atención específica de apoio ao alumnado es-

tranxeiro e minorías étnicas.

e) Apoio á educación infantil.

d) Todo o profesorado que colabore nas funcións das distintas dinamizacións.

Esta orde regula tamén unha nova figura de dinamización que determinará cada centro educativo no seu PCC e que realizarán funcións referidas á biblioteca, convivencia escolar e soporte e dinamización das tecnoloxías da información e comunicación.

O cargo de dinamizadora ou dinamizador será por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. **Os dinamizadores e as dinamizadoras específicos e o profesorado colaborador que dedique, polo menos, dúas horas semanais das complementarias fixas terán dereito ao cobro deste complemento.**

# Novos catálogos e xornada laboral en Infantil e Primaria

Derivado do acordo asinado pola Consellaría e todas as organizacións sindicais, agás o STEG, con data de 8 de xuño de 2007.

## Nova xornada laboral

21 horas lectivas semanais, contando as gardas como tales + 4 de permanenza no centro que se computan semanalmente + 5 de permanencia no centro que se computan mensualmente.

### Horas lectivas. 21 h semanais

Considéranse como tales as de docencia directa co alumnado e as horas de gardas.

Tamén se consideran lectivas as horas de reducións establecidas para o desempeño dos órganos unipersonais de goberno, xefaturas de departamento, coordinación de ciclo, coordinación do equipo de normalización lingüística...

O profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, poderá completalo realizando algunha das seguintes actividades: reforzos educativos, atención á diversidade, desdobrementos (nas materias de lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira ou matemáticas), atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas e apoio á educación infantil.

### Horas complementarias fixas 4 horas semanais

A efectos de asistencia teñen o mesmo tratamento as lectivas.

2 horas adicaranse a:

- 1h semanal a tutoría de nais e pais

- 1 h. semanal a coordinación do equipo de ciclo ou

outros órganos de coordinación (ENL, CCP ou Equipo de Actividades complementarias e extraescolares)

Estas dúas horas fixaranse, con carácter xeral, fora do horario do alumnado.

As 2 h. restantes adicaranse a calquera das dinamizacións recollidas no artigo 6 da orde do 17 de xullo de 2007 relativa ao complemento por función tutorial. Estas horas poden fixarse tanto dentro como fora do horario do alumnado.

### Horas de computo mensual 5 h semanais

Son as 5 restantes ata as 30 de permanencia no centro pero compútanse mensualmente.

Están destinadas a:

- Reunións de Claustro

- Reunións do Consello Escolar

- Xuntas de Avaliación

- Horas de vixilancia das actividades complementarias que os mestres/as dos centros que teñen autorizada a xornada lectiva en sesión única realizan en horario de tarde

- Proxectos de formación no centro, seminarios, grupos de traballo...

### Período de aplicación.

A redución horaria será gradual (dependendo do profesorado co que conte o centro) durante este curso e o próximo. A partir do inicio do curso 2009/10 ningún poderá ter máis de 21 h lectivas.

As 25 horas semanais de permanencia no centro entra en vigor xa este curso.

## Valoración do STEG

Desde o STEG consideramos que a redución da carga lectiva de 25 a 21 h para o corpo de mestres supón un gran avance, aínda que non se acade a nosa reivindicación histórica de equiparación das condicións laborais entre o profesorado de primaria e o de secundaria. Nas negociacións, defendemos este obxectivo, aínda a costa de alongar os prazos, pero os demais non estaban polo labor.

Tampouco tivemos o apoio suficiente para que a redución horaria fose gradual (23 h. máximo para este curso, 21 para o seguinte...) co que evitaríamos as desigualdades que se están a producir dependendo da dispoñibilidade de profesorado do centro (este curso hai profesorado con 20 h lectivas e outro que ten 24).

Tamén foi imposible reducir a 3 as horas complementarias fixas dado que ANPE, CCOO, CSIF e UXT entregáronlle á Consellaría unha proposta na que figuraban 4. Nós apostábase por 1h de tutoría, 1h de coordinación de ciclo e 1h de reunión do equipo docente (profesorado que imparte a un mesmo grupo).

Por último, non nos parece xusto que as horas de vixilancia das actividades complementarias nos colexios con xornada única figuren nas de cómputo mensual, pois iso significa que o profesorado destes centros vai ter máis horas de permanencia no centro que o de xornada partida. Desde o STEG intentaremos arranxar esta inxustiza coa Consellaría.

## Novos catálogos de infantil e primaria

Os novos catálogos, froito do acordo asinado o 8 de xuño, están publicados no DOG do 26 de xullo de 2007.

### En que melloramos

Principais avances a respecto dos novos catálogos:

- incorporación de un xeneralista por unidade.
- un posto de apoio a EI por cada 3 unidades.
- un posto de orientación compartido nos centros de 6 a 11 unidades de EP
- un 2º posto de PT nos centros de 18 ou máis unidades de EP
- un AL nos centros de 13 unidades
- os incrementos en FI eran obrigados por mor da aplicación da LOE

### En que non melloramos

No que atinxe a atención á diversidade os catálogos son os mesmos que tiñamos antes do acordo, vexamos:

- os centros de menos de 4 unidades de EP seguen sen contar con especialista de PT
- os centros de menos de 13 unidades seguen sen ter especialista de AL
- resulta chamativo que as EEI de 3 ou máis unidades teñan AL e sen embargo os CEIP coas mesmas ou incluso máis unidades de EI non o teñan. Unha

das máximas que defendeu o STEG na negociación, foi que todo o alumnado, independentemente do tipo de centro ou do nº de unidades do mesmo, tiña que ter dereito aos mesmos servizos.

### En que empeoramos

- Nos departamento de orientación
- Na extensión das especialidades de Educación Primaria á Educación Infantil

### A orientación sae perdendo

Ata a sinatura do acordo, todos os centros de 12 unidades (contando EP + EI) tiñan un posto de orientación, segundo a Orde do 24 de xullo de 1998.

No novo catálogo, e contradicindo claramente dita orde, só contan con posto de orientación os centros con máis de 12 unidades de EP. Isto supón que 30 centros que xa o tiñan quedan sen dito departamento.

Desde o STEG faremos todo o posible para arranxar esta contradición.

Por outra banda a figura de orientación compartido introducida como novidade nestes catálogos está a crear unha grande confusión nos centros, xa que esta figura non existía, nin existe, na lexislación actual sobre Orientación que hai na nosa comunidade.

## Extensión das especialidades de Primaria á Educación Infantil

No último día de negociación, a administración aceptou unha proposta presentada por ANPE, CCOO, CSIF e UXT e asumida pola CIG que implica a extensión das especialidades de primaria á etapa de Educación Infantil.

Desde o STEG entendemos que hai razóns pedagóxicas para que o alumnado de Educación Infantil estea atendido só por profesorado especialista nesta etapa:

1. Nun ensino globalizado e integrador como é a etapa de EI na que os contidos se organizan en ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento integral das nenas e nenos, non se entende que se dividan en sesións rixidas, illando a música e a educación física, co cal o principio globalizador característico desta etapa queda rachado.
2. Non é de recibo que poidan pasar por unha aula de nenos e nenas de 3 anos, 4 ou 5 profesoras e profesores distintos na mesma xornada.
3. O profesorado especialista de Música, Educación Física e Lingua Estranxeira, non ten formación específica para impartir en Educación Infantil.
4. Esta medida contradí a actual Lei de Educación (LOE) cando di no Título III no Art. 92.2 que o 2º ciclo de E.I será impartido por profesorado especialista en E.I. podendo ser apoiado no seu labor docente por mestres especialistas. Desde o STEG entendemos que o apoio non é a substitución horaria tal e como recolle este acordo.

No STEG sempre defendemos a xusta redución horaria do profesorado de Educación Infantil, como a que se recolle no presente acordo, pero debe ser cuberta por profesorado de Educación Infantil e non de outras especialidades.



# Oposicións: máis do mesmo

Unha vez máis temos que expresar o noso rexeitamento a situacións, unhas novas e outras repetidas ano tras ano, que se produciron no recente proceso opositor.

Atopabámonos na primeira convocatoria do sistema transitorio que impuxo a publicación e posta en marcha da LOE, e a pesar de que na maioría dos casos foi de verdade un concurso-oposición, aínda quedaron resquicios dos tribunais que consideran que están constituídos para outorgar prazas de funcionario cando en realidade están para cualificar simplemente a fase de oposición. Un exemplo: Corpo de Secundaria, Especialidade música: aprobaron 21 persoas a fase de oposición. A oferta pública de emprego era de 20 prazas.....parece moita casualidade! Iso é falsear o concurso-oposición.

Houbo tamén situacións novas e insólitas, como a exclusión do proceso selectivo dos e das opositoras por defectos de forma na súa programación didáctica. Aquí hai dúas cuestións a ter en conta, a primeira é que o que se considerou defectos de forma variou duns tribunais a outros, coa conseguinte discriminación entre opositores. A segunda é que, segundo a propia convocatoria, a exclusión só podería darse por non ter presentada a programación, e non por unha realización incorrecta da mesma. Neste último caso merecería poder continuar co proceso, aínda que con unha nota negativa nesta parte, xa que este proceso opositor constaba dunha soa proba e ningunha das partes na que se subdividía podía ser considerada eliminatória.

O STEG púxose en contacto coa Consellería inme-

diatamente, esixindo a readmisión de todas e todos os excluídos e a publicación dunha nota na que se garantise o traballo a todo o persoal que tiña a obriga de presentarse e se estaba a cualificar como non presentado. Na mesa sectorial do 5 de xullo demandamos o mesmo conseguindo a publicación da nota na que se aclaraba que non tería efecto nas listas do profesorado interino e a readmisión dunha porcentaxe dos excluídos. Porén non acadamos as nosas pretensións de que se readmitise ao 100% das persoas excluídas.

**A ausencia de unha convocatoria clara e a disparidade de criterio dalgúns tribunais, provocaron innumerables queixas**

Outra situación, que xerou discriminación entre os opositores que sacaron adiante o concurso-oposición, foi o feito de que debido ao retraso na publicación das notas os de varias especialidades de secundaria tiveron que solicitar destino provisional nos dous días seguintes, e non nos 5 días naturais seguintes (como dicía o DOG), ao da publicación da lista de aprobados polas comisións de selección. Uns tiveron máis tempo para organizar as súas peticións e outros non tiveron tanto.

Outro motivo de desconcerto foi que a convocatoria

deste ano variou a puntuación dos diferentes tramos horarios dos cursos de formación e tamén os criterios á hora de homologar os cursos feitos. Moitos e moitas opositoras reclamaron as súas puntuacións, incluso facendo recursos de alzada. Algúns foron admitidos e, nalgúns casos, ao variar a puntuación da fase de concurso, obtiveron unha praza como funcionarios, a maiores das que houbo na oferta pública de emprego.

Desde o STEG esiximos da Consellería maior claridade nos criterios para obter puntuacións polos cursos de formación e que se manteñan no tempo estes criterios, para que non sexan diferentes dun ano para o outro. Por outra parte parécenos que aínda sendo os tribunais soberanos na súa actuación, as instrucións iniciais desde a Consellería deben ser claras para que non se produzan agravios comparativos nin decisións arbitrarias nun proceso no que tanta xente se está a xogar moito.

Finalmente, gustaríanos destacar que este non é o sistema de acceso á docencia que o STEG defende. Non se resolve o problema estrutural do profesorado interino, só se soluciona conxuntamente, e coa consecuencia indesexábel do grave enfrontamento entre colectivos de traballadores (o profesorado interino e en paro) que producen este tipo de sistemas transitorios. Desde o STEG seguimos considerando que o acceso diferenciado, regulando correctamente o acceso á docencia, sería o sistema que mellor resolvería todas estas cuestións.

## Nova Lei da función pública galega

O 16 de setembro entrou en vigor a nova Lei 13/2007 da función pública de Galicia, que modifica a Lei 4/1988, do 26 de maio.

Dado que se melloran varios permisos e se introducen outros novos de importante calado, presentámosche un cadro resumo coas novidades mais salientables.

PERMISO	ANTES	AGORA
Traslado de domicilio, unidade familiar 1 persoa	1 día na mesma localidade	1 día na mesma localidade 2 días cambio localidade
Traslado de domicilio, unidade familiar 2 ou máis persoas		2 día na mesma localidade 4 días cambio localidade
Lactancia dun fillo ou filla menor de...	Nove meses	Doce meses: unha hora de ausencia do traballo ou acumulación en xornadas completas ou crédito de horas
Garda legal coidado menores, maiores requiran especial dedicación ou persoa con discapacidade sen actividade retribuída	Menor 6 anos: dereito redución dun terzo ou un medio da xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións	Menor 12 anos: dereito redución dun terzo ou un medio da xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións
Tratamento de fecundación asistida, exames prenatais e técnicas de preparación ao parto. Acompañamento ao cónxuxe ou parella para os casos anteriores		Tempo necesario para a súa práctica. Se fose necesario o desprazamento, 2 días de permiso
Accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella, familiares 1º grao, acollidos ou familiares conviventes		Permiso retribuído cunha duración máxima de 30 días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso utilizado separada ou acumuladamente
Coidado familiar 1º grao, por enfermidade moi grave		Dereito solicitar redución xornada ata 50%, retribuída. Prazo máx 1 mes, prorrogable ata máx 2 meses
Acompañamento ás revisións médicas aos fillos/as e persoas maiores a cargo, polo tempo necesario.		Aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo
Permiso por parto ou adopción		Igual que na anterior pero ampliárase en dúas semanas máis por discapacidade do fillo/a
Parto prematuro: neonato hospitalizado despois do parto		O permiso ampliárase en tanto días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máx de 13 semanas adicionais
Adopción ou acollemento internacional con desprazamento previo		Permiso de ata 3 meses de duración. Percibiranse só as retribucións básicas. Pódese gozar fraccionadamente.
Paternidade por nacemento ou adopción 1 fillo	8 días naturais+3- 5 por nacemento	29 días naturais
Paternidade por nacemento ou adopción múltiple	10 días naturais	35 días naturais
Violencia de xénero		Faltas de asistencia estarán xustificadas polo tempo que determinen os servizos sociais de atención ou de saúde